



En vacacións

S. Noia e A.R. López

Como se non pasase nada. Días normais. Fieis ao ritmo habitual da vida. Ou con desánimo. Con insatisfacción. Con desacougo. Con temor, pero tamén con esperanza. Cun certo optimismo pero, a todas luces, sen entusiasmo, con cautela, desconfiando como bos galegos que son. Así viven os escritores consultados por Revista das Letras estes oito días de xuño que as pasadas eleccións autonómicas deixaron pendurados do calendario con tingaduras de vacacións e, ao mesmo tempo, como exercicio de contención tanto para os momentáneos gañadores como para os que momentaneamente perderon. O resultado é unha galería de emocións contraditorias que transmite o insólito labirinto deste longo xuño, interminable para todos. Algúns, chegan a falar de vacacións.

Alfredo Conde fala desde o seu móbil camiño de Compostela, onde ten unha reunión minutos máis tarde. Durante a mañá, case resulta imposible falar con el: pasouna preparando unhas xudías e contestando os correos electrónicos, entre eles un moi urxente da súa axente en Barcelona. Para el, estes "oito días vacacións de xuño" non alteraron o seu ritmo "franciscano", como el cualifica a "monotonía" da súa vida. Non lle quita o sono nin o triunfo provisional da candidatura alternativa –PSdeG e BNG– sobre o Partido Popular de Manuel Fraga nas últimas eleccións, nin a posibilidade de que o PP recupere o poder o próximo luns coa axuda do voto emigrante. Por suposto, tampouco se lle trastornou o apetito: a súa fame –di– é constante e irreductible.

Tampouco **Luís González Tosar** –poeta e presidente do PEN Clube de Galicia– sente nada diferente na súa vida. "Para min", asegura por teléfono, "non son días de vacacións. Traballo con normalidade absoluta e fago o que fago normalmente. Non interrompín ningunha das miñas actividades. Nin académica nin literaria". Para el, "persoalmente", é un tempo sen característica algunha diferente. Ergueuse á mesma hora. Non leu máis xornais dos que le calquera día. Nin rexistrou alteracións de ningún tipo. É unha actitude que mantén mesmo se entra nos terreos políticos: "Non se pode facer nada: temos que aceptar a decisión soberana do pobo galego, que é o que manda".

Ben diferente está vivindo estes días o escritor e editor **Fran Alonso**: todo se lle volve "incerteza" ante o que vai suceder finalmente o luns, cando se reconten os votos dos emigrantes: considera "inxusto que o censo de

persoas que non viven aquí e que teñen un vencellamento moi feble con Galicia decidan o futuro goberno dos que vivimos aquí". Fran Alonso fala dunha "certa tristeza" polos resultados "pouco alentadores" das eleccións. Se nos cinguiramos ao que di, parecería que el non apoiaba a alternativa progresista, vencedora nos últimos comicios, pero ao cabo resulta que si compartía as súas propostas: "É unha oportunidade para que a cidadanía constrúa unha ilusión nova, un novo país". O que pasa é que non quere ilusionarse: "Cómpre esperar".

En contradicións semellantes, aínda que desde

posicións máis optimistas, pasa estas vacacións de xuño a escritora **Yolanda Castaño**, colaboradora habitual de Galicia Hoxe. "Vivo cunha incredulidade un chisco bochornosa. Co abraio que se lle queda a un na cara cando ten que vivir unha situación ridícula, que roza o embarazoso". No caso de Yolanda Castaño, incluso chega a falar dunha especie de "crise de identidade galega" que se lle aveu o domingo ao "comprobar

o comportamento dos meus compatriotas nas urnas". Porén, con perspectiva, xa non o ve todo tan negro: "non me terei que dar de baixa do país". E iso dío a pesar de sentirse "emocionalmente cansa", vítima dun proceso electoral "tenso" que acabou por matarlle "un pouco a ilusión". Pero ten esperanza, "desde logo teño moita esperanza".

Esperanzado está tamén o presidente da Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG), o poeta **Cesáreo Sánchez Iglesias**. Refírese a estes oito días de xuño como "unha paréntese de ilusión". E sentenza: "Nada vai ser xa igual". Cre Cesáreo que esta "paréntese" permitirá reordenar dalgún xeito o cambio no país e "aos que se van



Aquí, na Arxentina

"Feliz, Antón, feliz... ¡Por fin unha maioría social galega –residente– votou claramente en contra do Partido Popular. Moi feliz aquí en Quilmes, no Gran Bos Aires, na casa duns familiares do meu compañeiro. Efectivamente, entre asado e asado e doce de leite, a pregunta que se fan os nosos anfitrións –residentes ausentes– é ¿quen cacificaría mellor, PSOE ou PP? Precisamente, preparabamos unha viaxe a Ushuaia, pero non sabemos se iniciar unha xira continental, para pulsar opinión dos meus curmáns de Venezuela e duns amigos uruguaios. O domingo estivemos no Centro Lalín, onde puidemos escoitar un grupo de gaiteiros interpretando o Himno arxentino. Ninguén falaba das eleccións, pero si do paupérrimo cáterin que se ofrecera no mitin do señor Fraga Iribarne. De calquera xeito, os nosos parentes tampouco están moi conmovidos, xa que todos son votantes da FPG. Creo que vou engordar un par de quilos".

[Chus Pato]

O mundo limbado de calor

Meu caro Antom, nom sei se te lembrás de Dom José, aquele curinha tardio que era objecto de tantas putadas por parte dos adolescentes que todos fomos. Aquele tipo era um santo. Mas aquele tipo era um filósofo. E deveu ser Dom José o primeiro a falar-nos do limbo do ponto de vista do cristianismo. Mas também do paganismo, pois doutro modo nom me teria lembrado hoje de Dom José... O limbo hoje simboliza apenas, na acepção corrente, a antecâmara do paraíso ou os preparativos de umha era nova de civilização. Mas depois do 19-J o mundo hoje é aqui um lugar onde vai mais calor, onde escalda o Verão. E entom acordo-me de que Virgílio colocava o limbo à entrada dos Infernos. E creio, meu caro Antom, que era um aviso que Dom José entenderia e nos explicaria melhor: o mundo anda nesta parte limbado de calor e o imenso vagido, as almas das crianças que choram, choravam, os pequenos seres desta parte do mundo que nom conhecem, conheceram, a doçura de viver fora da infelicidade, o imenso vagido calou agora como no silêncio da vida à hora da sesta. Sinto o mundo limbado de calor a dormir a sesta, umha sesta de oito dias, ou mais. A aguardar a frescura da tarde, e outros dias. Porque o mundo limbado de calor sempre é melhor que o Inferno pleno. Porque a espera do paraíso e os preparativos para umha era nova sempre serán preferíveis ao vagido. À infelicidade. Por isso vale a pena dormir um pouco. Esperar. Passar calor. Na espera da doçura.

[Carlos Quiroga]

do poder os fará máis humildes e aos que chegamos, chegaremos con outra serenidade". O escritor ten a percepción de "certo sentimento": o de que "tras décadas de implicación no traballo polo país, existe a posibilidade de levar por fin á realidade o que os nacionalistas –non só os de hoxe senón tamén os da nosa historia– pensaron para construír a nosa sociedade". Séntese optimista e, ao mesmo tempo, coa carga dunha certa responsabilidade ante o reto do futuro: temos a oportunidade de facer realidade parte de moitos dos soños que soñaron moitas xeracións".

Avelino Abuín de Tembra –escritor e colaborador das páxinas de opinión de Galicia Hoxe– non o ten tan claro, pese á súa "confianza absoluta no futuro": séntese "insatisfeito". El daba por feita a vitoria dos socialistas, pero non que a vitoria dependese "da decisións dos emigrantes, algo inxusto, terceiromundista".

A hipótese dun goberno de coalición –que el apoia decididamente– resúltalle agora a Avelino Abuín de Tembra "turbia", preocupado como está pola "actitude que poda tomar o Bloque en cuestións trascendentes" como a denominación de Galicia ou o cambio na política lingüística". Preocúpalle, entre outras cuestións, os comentarios do candidato dos nacionalistas, Anxo Quintana: Aquel "Galicia ceibe. Poder Popular pareceume un acto de vandalismo. Creo que xa pasamos dese punto. Este país non necesita bandazos... É un país consolidado pola cidadanía, non por Manuel Fraga. Temos 24 anos de autonomía



que hai que respectar e impulsar. Axudar o noso país para que siga sendo un país próspero". A súa impresión é que Quintana "non está aínda maduro" e se se convertise en vicepresidente "sería un desastre". Espera, polo menos, que non lle dean as consellerías de Educación e Cultura, que a Abuín de Tembra lle preocupan dun xeito especial. "Teño dúas netas e un neto que van recibir os beneficios ou os maleficios dunha cultura mal programada ou organizada...".

O poeta **Anxo Quintela**, director do diario electrónico Vieiros, recoñece a contrariedade que lle provocan "estes días de espera", porque el "tiña previsto que a cuestión se solucionase o mesmo día 19", pero intenta manter "a mesa tensión". Algo que, confesa, non acaba de conseguir: "estaba previsto que as miñas previsións vitais, o meu reloxo biolóxico, se desactivase o domingo e non puido ser..." Na súa axuda para conseguir os seus obxectivos acoden estes días de calor e a luz, pois "a política dos partidos é importante, pero non representa todo na vida". Tamén o axuda a súa "habitual estabilidade emocional,

sen altos nin baixos fulminantes". Trata, engade cun ton ironía, "de conservar a calma" e fronte a quen fala de "acontecemento histórico" el puntualiza que o adxectivo "histórico" se está desvalorizando polo uso excesivo: "Houbo demasiados feitos históricos que, en realidade, non chegaron a nada". Só se produce o cambio definitivo e podemos facer un país distinto, será un cambio histórico, do mesmo xeito que histórica será a decepción se non o logramos".

No corpo electoral

As células están inqueadas. No corpo electoral a sensación que temos, e que prevemos que continuará ata a fin do proceso, é que se vai manter este desacougo. A grande célula que rexe todas as outras que forman este organismo está ameazada de ser substituída; talvez dea feito para manterse, talvez non. Hai outras células máis novas que se uniron e que lle requiren o seu espazo dominante. A célula reitora conta que os fármacos que se inxectan dende o exterior lle abonden para manter o seu lugar, pero as aspirantes perciben que a súa doenza non ten cura. O luns saberemos a reacción a ese tratamento, pero, entre mentres, padeceremos a inqueanza

[Santiago Jaureguizar]

Vendo o sol

Son bastantes sobresaltos: estes días son como un acordeón. Despois da caída emocional do domingo, desde a esperanza máis luminosa á máis profunda miseria, todo é estraño: Galicia non responde ao irracional ou o racional: é outra cousa. Levanto polas mañás e ao escoitar os comentarios da xente do sector optimista, síntome ben, até que a última hora da tarde oio outra versión e as cousas se complican. Até o luns, creo que irei viaxando sucesivamente do optimismo ao pesimismo... Con todo teño unha especie de informador oficioso que me dá o esperanzas: o Barça gañou a liga... E despois tamén está o celta... Son dous signos evidentes de que no país hai un cambio político cara á esquerda... O curioso é que bebo máis. O domingo, para empezar, un amigo subiu unha bontella de viño para celebralo e cada vez que recibo unha alegría, imos celebralo. Máis aínda: se as novas son pesimistas tamén bebo... Estamos vivindo no limbo e a pequena tregua que temos é para alegrarse. Segue habendo esperanza. É como estar tirada nunha praia e, por fin, parece que se marchan as nubes e vemos o sol

[Anxos Sumai]